

UGT solicita un AGA unilateralmente no conflito das Residencias Privadas da Terceira Idade



[1]

Mentres CIG-Servizos e CC.OO seguen adiante co calendario de mobilizacións a prol dun convenio digno para o persoal das Residencias Privadas da Terceira Idade, UGT, que se desvinculou das protestas, solicitou unilateralmente un AGA (Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo).

30/10/09.

UGT, despois de ter rachado a unidade sindical e atacado as medidas de mobilización que se tomaron trala ruptura da mesa de negociación, quere explorar xa a vía do AGA. A central remitiulle ao Consello Galego de Relacións Laborais un escrito de promoción do procedemento de conciliación-mediación coa escusa de que a negociación está bloqueada. UGT mesmo propón mediador para este procedemento.

CIG-Servizos e CC.OO entenden que esta nova manobra obedece á intención de querer atallar as mobilizacións acordadas. Dita postura favorece a posición da patronal ao dilatar no tempo a consecución dun convenio que dignifique as condicións salariais e laborais dos traballadores e traballadoras deste sector.

CIG-Servizos e CC.OO anunciaron que acudirán a este procedemento de mediación e así llo comunicaron ao Servizo de Solución de Conflitos. Mais isto non significa que estas dúas centrais deixen de se mobilizar.

As protestas continuarán o vindeiro 4 de novembro, desta volta cunha concentración ás 11:00 horas diante da Residencia Sanitas de Vigo (Rúa do Conde, 6).

Adxunto

Tamaño

[20091028_panfleto_3a_idade.pdf](#) [2]

30.03 KB

Novas relacionadas: [As protestas dos traballadores dos xeriátricos ouvironse en Vilanova de Arousa](#) [3]

[As protestas do persoal dos xeriátricos privados trasladaranse a Vilanova de Arousa e Vigo](#) [4]

[Unhas 200 persoas concéntranse diante dun xeriátrico Mapfre para reclamar un convenio digno no sector](#) [5]

[Benestar debe implicarse no conflito dos xeriátricos pois o 80% das prazas son concertadas](#) [6]

[O persoal dos xeriátricos privados mobilizarase contra a perda de dereitos](#) [7]

[Racha a mesa negociadora do convenio de Residencias Privadas da Terceira Idade](#) [8]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] http://www.cigservizos.org/sites/default/files/nova/2009/10/20091028_panfleto_3a_idade_pdf_79325.pdf

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.21/protestas-dos-traballadores-dos-xeriaticos-ouvironse-en-vilanova-de-arousa>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.14/protestas-do-persoal-dos-xeriaticos-privados-trasladaranse-vilanova-de-arousa-e-vigo>

[5] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.01/unhas-200-persoas-concentranse-diante-dun-xeriatico-mapfre-par>

a-reclamar-un-conveni

[6] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.09.30/benestar-debe-implicarse-no-conflito-dos-xeriatricos-pois-o-80-das-prazas-son-concer>

[7] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.09.24/o-persoal-dos-xeriatricos-privados-mobilizarase-contra-perda-de-de-reitos>

[8] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.09.18/racha-mesa-negociadora-do-convenio-de-residencias-privadas-da-terceira-idade>